

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE NOVIEMBRE DE 2019.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **CINCO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da tenente de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Excusa súa asistencia: **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 3º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 4º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 21 de outubro de 2019

2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

Visto o escrito remitido polo Xulgado de Primeira Instancia Dos, Mercantil de Lugo, Rexistro de Entrada 4869, de data 29 de outubro de 2019, remitindo resolución na que se require a devolución de aval 0152.300010201-5 presenado por Celta Prix S.L. en data 26 de abril de 2001 en concepto de fianza definitiva para responder a execución do contrato de "Servizo Público de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos en todo o municipio de Silleda e o seu transporte a un centro de tratamento dos mesmos", por importe de 1.003.074 Pts (6.028,60 €).

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do aval anteriormente mencionado, remitindo o mesmo o Xulgado de Primeira Instancia Dos, Mercantil de Lugo, con domicilio na rúa Armando Durán, s/n (Lugo).

3º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

**3.1.- Expte. 58/2017. Devolución ICIO. Sebastián Castro Sanmartín.**



Visto o escrito presentado por Sebastián Castro Sanmartín, Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4911, de data 26 de novembro de 2018, solicitando devolución de parte do ICIO correspondente a licenza otorgado pola Xunta de Goberno Local do 17 de agosto de 2017 para ampliación de explotación de gando porcino de cebo, no lugar de Chousa Grande, parroquia de Ponte.

Visto que na licenza concendida pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 17 de agosto de 2017, a liquidación do ICIO, ingresada o 16.06.2017 realizouse según orzamento da obra por importe de 119.280,34 €, con acordo de corrección de erros correspondente a Xunta de Goberno Local celebrada o 04 de decembro de 2017.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, celebrada o 10 de xaneiro de 2019, foi concedida licenza para proxecto modificado da licenza concedida o 17 de agosto de 2017, con corrección de erros na sesión do 04 de decembro de 2017, presentando este novo proxecto un orzamento de 73.162,73 €.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.-** Que por parte da Intervención Municipal se proceda a devolución da parte correspondente do ICIO entre a obra orixinal e a executada, ascendendo a mesma a cantidade de 1.037,64 €.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo ó interesado e a Intervención.

### **3.2.- Expte. 1902/2019. Escrito de Olivier Pumeda Luaces.**

Visto o escrito presentado por Olivier Pumeda Luaces, Rexistro de Entrada 2019-E-RC-4706, de data 17 de outubro de 2019, sobre peche existente no parque da Feira Vella de Silleda.

Visto o informe 273/19 emitido pola Policía Local deste Concello, de data 28 de outubro de 2019.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal, en data 04 de novembro de 2019.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA requerir o propietario de inmovible onde está ubicado o peche, Modesto García Montero, proceda a retirada de forma inmediata do arame de espiño así como o adecentamento do mesmo.

### **3.3.- Expte. 1750/2019. Escrito de Manuel Rey Sánchez.**

Visto o escrito presentado por Manuel Rey Sánchez, Rexistro de Entrada 2019-E-RC-4389, de data 03 de outubro de 2019, comunicando que "no cruce da pista que une os lugares de Vis e Torrevedra, existen restos de construción (canillas, formigón e plantas diversas) depositados na cuneta de dita pista".



Visto o informe 256/19 emitido pola Policía Local deste Concello, de data 07 de outubro de 2019, no que sinala:

**"N/ Ref.: Informe: 256/19**

**Asunto: POSIBLE OCUPACIÓN DE ESPACIO PUBLICO EN VIS, RELLAS.**

*Feitas as comprobacións oportunas polos Axentes desta Policía Local con TIP.: 265004 e T.I.P.:265008 en relación ao escrito con Rexistro de Entrada nº 4389 do 03 de outubro de 2019, presentado por D.MANUEL REY SANCHEZ, con domicilio no lugar de Vis nº 10, Rellas (Silleda). Xírase visita de inspección o día 4 de outubro de 2019 no lugar de Vis, Rellas, nunha zoa dun espacio municipal situada nas inmediacións do inmovible número 10 coa fin de comprobar a existencia dunha posible ocupación de vía, informando que:*

*-No lugar de Vis, parroquia de Rellas, procédese a realizar a inspección ocular dunha posible ocupación dun espacio de titularidade municipal nas inmediacións do inmovible sinalado co nº 10.*

*- A ocupación do espacio municipal consiste nunha maceta cunha planta, unha cavilla de ferro espetada e un cachote de formigón colocado nuha cuneta.*

*- Feitas as averiguacións oportunas, infórmase que o autor da posible ocupación é don JULIO ABEL FERNANDEZ FERNANDEZ , con DNI 35.212.918-X e con domicilio en lugar de Vis nº 4, Rellas, Silleda*

*- Presentados no domicilio de don JULIO ABEL FERNANDEZ FERNANDEZ, ó fin de poder esclarecer a veracidade das informacións obtidas, preguntásele si colocou él as pezas arriba mencionadas no espacio público manifestando que:" aquilo é da súa propiedade e que él puxera efectivamente a maceta cunha planta ornamental e unha cavilla de ferro das que se usan nas obras pero do cachote de cemento que está na cuneta non sabe nada".*

*- Preguntado si posúe a pertinente licenza de **ocupación de vía** , manifesta que **non**.*

*Xúntase informe fotográfico."*

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA requirir a Julio Abel Fernández Fernández para que proceda a retirada da pranta ornamental.

### **3.4.- Expte. 1844/2019. Escrito de Eva Louzao Arís, en representación de Autoescuela Silleda Formación S.L.U.**

Visto o escrito presentado por Eva Louzao Aris, en representación de AUTOESCUELA SILLEDA FORMACIÓN, S.L.U., Rexistro de Entrada 2019-E-RC-4695, de data 16 de outubro de 2019, solicitando autorización para realización de prácticas de extinción de incendios, en terreo do Centro Social do Burgo, parroquia de Cortegada, para realización de cursos de mercancías perigosas.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 06 de outubro de 2015 acorda:

*"-Conceder a autorización administrativa interesada pola ESCUELA DE CONDUCTORES DE SILLEDA para a utilización dun terreo público sito na parcela contigua ao Parque de Bombeiros para a realización de prácticas de autoescuela en circuíto pechado para a obtención de permisos de conducción"*

Vista que a nova denominación de Escuela de Conductores de Silleda é AUTOESCUELA SILLEDA FORMACIÓN, S.L.U.



A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Conceder a autorización administrativa interesada pola AUTOESCUELA SILLEDA FORMACIÓN, S.L.U. para a utilización dun terreo público sito na parcela contigua ao Parque de Bombeiros para a realización de prácticas de autoescuela en circuíto pechado para a obtención de permisos de conducción, así como para realización de prácticas de extinción de incendios, en terreo do Centro Social do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda) co condicionante de que ambas autorizacións non supoña impedimento algún para os usuarios dos terreos anteriormente mencionados.

#### 4º.- URBANISMO.

##### 4.1.- Expte. 1895/2018. Ampliación de explotación avícola. Vilgar, S.C.

Visto que na Xunta de Goberno Local cdelebrada en data 10 de outubro de 2019, acordouse "**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a VILGAR, S.C. para ampliación de explotación avícola, no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052M502060020000FO, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito"

Detectado erro no informe técnico, de data 9 de outubro de 2019, en canto a superficie consignada no cadro da páxina 1 do mencionado informe.

**Visto** o informe emitido o 04 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	VILGAR S.C.		
Data de rexistro	01.AGO.2019	Nº 2019-E-RE-224	Expediente
Solicitud	Ampliación de explotación avícola		
Emprazamento	Outeiro, Escuadro		
Referencia catastral	36052M502060020000FO		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d		X: 556918 Y: 4726744
Clase de solo	Solo rústico		Superficie a construír: 2.639,12 m2
Autor do Proxecto	Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado 579		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 26/02/2018, nº 20180062		
Dirección de Obra	n/d		
Dirección de Execución	n/d		
Orzamento (P.E.M.)	384.145,00 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.

2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia

3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).



- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.  
11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.  
12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.  
13 Planeamento do Concello de Silleda  
13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.  
13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991  
13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002  
13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981  
13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007  
13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente , de solicitude de licenza asinada por VILGAR S.C., presentada con R.E. 2019-E-RE-224 de 01.AGO.2019. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado 579 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumple as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumple as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. **O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:





8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación avícola**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

9. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para este ámbito as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Servidumes aeronáuticas	Aproximación ao aeroporto de Santiago
Concentración parcelaria	ZCP Escuadro-Rellas
Augas de Galicia	Servidume de inundación

10. Durante a tramitación do Plan Xeral do Concello de Silleda elevouse ante o Organismo Autónomo Augas de Galicia o "Estudio Simplificado da superficie de inundación dos leitos do Concello de Silleda", elaborado pola empresa redactora do PXOM (registro de saída 768 de 08.MAI.2015). Augas de Galicia informa favorablemente o nomeado informe con data 9 de xuño de 2015 e remíteo ao Concello con registro de saída 6214/ RX 774570 de 09/06/2015. Segundo este estudio, aprobado por Augas de Galicia, esta zona está libre do risco de inundación.

11. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) **Construcións e instalacións destinadas ao apoio da ganaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas**. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

12. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

**Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.**

**CUMPRE**

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

SI

SI

SI

SI



- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

SI

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

SI

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

SI

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Non procede

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

Non procede

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

**Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.**

**CUMPRE**

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

SI



b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	35.1.h)
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Si
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

N/d

SI

13. Segundo a disposición Transitoria cuarta "Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes" da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e na Disposición transitoria terceira "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

(...)

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

13.1 As edificacións actualmente existentes contan con licenza de ampliación concedida o 16 de agosto de 2013, sendo a concesión de licenza de actividade definitiva o 27 de novembro de 2014.

13.2 Porén, segundo o establecido na Disposición transitoria terceira. Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, parágrafo segundo, "O sinalado neste número non exclúe a posibilidade de que, de ser o caso, poidan acollerse ao réxime establecido na disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Nese caso, as posibilidades de ampliación axustaranse ás condicións de edificación contidas no artigo 39.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no planeamento urbanístico correspondente." O proxecto xustifica o cumprimento deste artigo 39 da Lei do Solo.

13.3 Na documentación técnica xustifícase axeitadamente o punto 3 da Disposición transitoria terceira. "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volume orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.





14. Canto á tramitación ambiental, á tramitación ambiental, a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental, modificada pola lei 9-2018 de 5 de decembro, establece que **serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria** os proxectos comprendidos no seu Anexo I.

15. Canto aos **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto.**

16. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia “Protección das vías de circulación”:

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

17. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

18. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

(Plano)

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

19. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

20. O proxecto presentado xustifica o **abastecemento de auga**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

21. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

22. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar cò informe emitido polo seguinte organismo:

22.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

22.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE2: fHkNYqr8v7

23. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

23.1 Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático da consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de avaliación de incidencia ambiental.

23.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: ThFSIhm9t3

23.2 Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.



23.2.1 Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código4 AESASRVAAISA000BDLD9HIATJAQBDA

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación avícola solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da esterqueira executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) **Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.**

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a VILGAR, S.C. para ampliación de explotación avícola, no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052M502060020000FO, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Segundo o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**



e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Asimesmo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
384.145,00	384.145,00	2,25 %	8.643,26	8.643,26	0

**Terceiro.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte



ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### 4.2.- Expte. 1439/2017. Reforma RBT en Bravil. Hidroeléctrica de Silleda, S.L.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Cristina Sánchez Conde, en representación de HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L., Rexistro de Entrada nº 2014-E-RC-1047 de data 14 de marzo de 2014, para reforma RBT en Bravil (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico industrial César Méndez Lorenzo.

**Visto** o informe emitido o 04 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante	Cristina Sánchez Conde, e.r. HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L		
Data de rexistro	14.MAR.2014	Nº 2014-E-RC-1047	Expediente 1439/2017
Solicitude Reforma RBT en Bravil			
Emprazamento	Lugar de Bravil, Manduas, Silleda		
Referencia catastral	Coordenadas UTM 29 ETRS89:		
Parcela rexistral	N/d	X: 556853.98 m E Y: 4732629.73 m N	
Clase de solo	Solo rústico de especial protección agropecuaria		
Autor do Proxecto	César Méndez Lorenzo, enxeñeiro técnico industrial colexiado 1.350		
Proxecto	Básico e de execución. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio) Data		
Visado Proxecto			
Dirección de Obra	N/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	N/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	3.363,42 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €	

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.



- 14 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.  
15 Planeamento do Concello de Silleda  
15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.  
15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991  
15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002  
15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981  
15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007  
15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
16 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1439/2017, de autorización de obra asinada por Cristina Sánchez Conde, e.r. HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L, presentada con R.E. 2014-E-RC-1047 de 14.MAR.2014. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por César Méndez Lorenzo, enxenheiro técnico industrial colexiado 1.350.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenzas municipais de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel".

5. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

6. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

7. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico de especial protección agropecuaria. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Reforma RBT en Bravil, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

As obras a realizar atópanse limitrofe recinto de afección dunha Fonte catalogada no Plan Xeral aprobado provisionalmente, que se recollen nas fichas que se xuntan como anexo; e polo tanto deberase solicitar informe á





Consellería de Cultura segundo o Artigo 198. Alcance dos catálogos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: "(...) 2. A aprobación inicial dos catálogos urbanísticos determinará, en relación cos bens e demais elementos que sexan obxecto de catalogación, a necesidade de sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de títulos habilitantes de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento."

Ficha	Elemento	Grao de Protección
16.17	Fonte en Bravil	Estructural

8. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para este ámbito as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Concentración Parcelaria	Servizo de Infraestruturas Agrarias
Estrada	Servizo de Infraestruturas e Vivenda

9. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35.1.m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable mediante autorización autonómica segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

10. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 17 da Lei do Solo de Galicia.

11. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

12. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

**14. Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros dos servizos urbanos ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.**



15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar cò informe emitido polo seguinte organismo:

15.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

15.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE: Xpq8eWtt88

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

16.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catálogos" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

16.1.1 Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código:5QtEQx6PD8

16.2 Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de infraestruturas e vivenda, pola proximidade á estrada PO210.

16.2.1 Consta no expediente resolución do organismo con rexistro de saída N° 41047/RX781489.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de Autorización de Reforma RBT en Bravil solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión da autorización autonómica de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 16 deste informe técnico.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a HIDROELÉCTRICA DE SILLEDADA, S.L. para reforma RBT en Bravil (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.



a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
3.363,42	3.363,42	2,25 %	75,68	75,68	0

**Terceiro.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### **4.3.- Expte. 575/2017. Instalación de piscina prefabricada. Josefa Iglesias Pereiras.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por JOSEFA IGLESIAS PEREIRAS, Rexistro de Entrada nº 2691 de data 09 de xuño de 2017, para instalación de piscina prefabricada en parcela 233 del polígono nº 4 de la zona de concentración parcelaria de Moalde, lugar de Quinteiro (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Pablo Pol Barros.

**Visto** o informe emitido o 05 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*Solicitante	Iglesias Pereiras, Josefa		
Data de rexistro	09.XUÑ.2017	Nº 2691	Expediente 575/2017
Solicitude	Instalación de piscina prefabricada		



Tipo de Solicitud *Obra Maior* Superficie construída: 40 m2  
Emprazamento *Parcela 233 del polígono nº 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Moalde, lugar de Quinteiro*  
Referencia catastral *36052E504002330000HI* Superficie Catastro: 7.586,00 m2  
Autor do Proxecto *Pablo Pol Barros, arquitecto col. 4023*  
Proxecto *Básico e de execución. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*  
Dirección de Obra *n/d*  
Dirección de Execución  
Exposición pública *BOP DOGA Prensa*  
Orzamento (P.E.M.) *5.759,60 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 13 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 14 Planeamento do Concello de Silleda
  - 14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 15 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Iglesias Pereiras, Josefa, presentada con R.E. 2691 de 09.XUÑ.2017. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Pablo Pol Barros, arquitecto col. 4023 e xustificante de pagamento de parte das taxas municipais (150,00€).
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.



3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

4. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a instalación de piscina prefabricada, está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional.

9. A edificación linda có trazado delimitado no Plan Xeral aprobado inicialmente como Vía da Prata e cós planos da traza sometidos a información pública polo Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo publicado no Diario Oficial de Galicia número 15, do 23 de xaneiro de 1998. O expediente foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, que posteriormente o remitiu á Secretaría Xeral da mesma Consellería, que emite autorización có código: mXR0fOjJx1

10. A edificación encóntrase no mesmo recinto dun hórreo e un cruceiro catalogados no Plan Xeral aprobado provisionalmente, que se recollen nas fichas que se xuntan como anexo; e polo tanto deberase solicitar informe á Consellería de Cultura segundo o Artigo 198. Alcance dos catálogos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “(...) 2. A aprobación inicial dos catálogos urbanísticos determinará, en relación cos bens e demais elementos que sexan obxecto de catalogación, a necesidade de sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de títulos habilitantes de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento.”

Ficha	Elemento	Protección
19.01	Igrexa Parroquial de San Mamede	Integral
19.02	Capela de San Xosé	Integral
19.09	Escola de San Xosé	Estrutural
19.14	Carballeira de San Xosé	Integral





11. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

12. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para este ámbito as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Concentración Parcelaria	Servizo de Infraestructuras Agrarias

13. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p> <p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p> <p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p> <p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.</li> <li>- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</li> <li>- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.</li> <li>- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.</li> </ul> <p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p> <p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).</li> <li>- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos,</li> </ul>	<p>SI</p> <p>SI</p> <p>SI</p> <p>SI</p> <p>SI</p>



non será admisible a adscripción doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

#### Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

Non procede

Non procede

Non procede

Non procede



f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

N/d

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

14. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

15. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

16. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

16.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúese informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

16.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

16.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

16.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

16.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

16.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

16.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

16.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

17. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar cón informe emitido polo seguinte organismo:

17.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

17.1.1 A solicitante remite o informe favorable do organismo con rexistro de saída nº 60304/RX 912424 a día 15 de xuño de 2017.

18. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

18.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunhas edificacións catalogadas polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catalogos" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lae 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



18.1.1 Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código : mXR0fOjJx1

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Obra solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 18 deste informe técnico .

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

**c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

**d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSEFA IGLESIAS PEREIRAS para instalación de piscina prefabricada en parcela 233 del polígono nº 4 de la zona de concentración parcelaria de Moalde, lugar de Quintero (Silleda), indicándolle que:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:



Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
5.759,60	5.759,60	2,25 %	129,59	90,00	39,59

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación





entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### 4.4.- Expte. 465/2019. Solicitude de información. Ramón García Núñez.

Vista a solicitude presentada por RAMÓN GARCÍA NÚÑEZ, Rexistro de Entrada nº 812 de data 04 de marzo de 2019, solicitando información sobre licencia de obra para colocación dunha saída de fumes no nº 21 da rúa República Arxentina de Silleda.

**Visto** o informe emitido o 30 de outubro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante D. Ramón García Núñez,  
Data de rexistro 04.MAR.2019 Nº 812 Expediente 465/2019  
Asunto Licenza de obra de tubo de saída de fumes dunha chimenea.  
Rúa República Arxentina Nº21 2º esquerda, SILLEDA  
Referencia catastral 1881029NH6218S  
Clase de solo Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C. Superficie construída: m2  
Promotor da Obra Beatriz Perez Vila

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 14 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
- 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007



15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
16 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Visto Informe da Policía Local número 244/19, asinado polo(s) axente(s) o día 1 de outubro de 2019 sobre obras executadas en Rúa República Arxentina N°21 2º esquerda, SILLEDA.

2. Vista a solicitude presentada por D. Ramón García Núñez, de data 04 de marzo de 2019, presentada con r.e. n° 812, relativo á posible existencia de Licenza de obra de tubo de saída de fumes dunha chimenea.

O técnico que subscribe, emite o seguinte:

#### INFORME TÉCNICO:

3. O asunto que nos acomete consiste, segundo se manifesta na solicitude, na existencia ou non de título habilitante municipal para instalación de tubo de saída de fumes dunha cheminea.

4. No informe da Policía Local constátase que as obras realizadas presuntamente sen autorización pertinente, coincide aparentemente coas obras denunciadas.

5. Dacordo ó solicitado e segundo o establecido no artigo 1.9 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do dolo de Galicia, a obra considérase como MENOR.

6. O solo no que se atopa a edificación, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Ley 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, presenta as seguintes condicións urbanísticas: Clasificación do Solo: SOLO URBANO, Ordenanza edificación cerrada, E.C.

7. Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, solicitude algunha de título habilitante municipal para a instalación desa cheminea.

8. Canto as obras acometida, según o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, será de aplicación o Artigo 60. "Supresión de molestias e utilización sustentable de materiais":

Artigo 60. "Supresión de molestias e utilización sustentable de materiais"

1. Toda clase de instalacións que se realicen para servizo do edificio, vivenda ou local de traballo, faranse de xeito que se garantan a supresión de molestias, cheiros, fumes, vibracións, rúidos e calquera outra molestia que impida o normal funcionamento das relacións de veciñanza.

9. Así mesmo as obras acometida, encontranse rexidas polo Código Técnico da Edificación, Documento Básico HS" Salubridad, apartado HS-3"Calidade de aire interior", establececese que:

3.2 Condiciones particulares de los elementos

3.2.1 Aberturas y bocas de ventilación

1. A falta de normas urbanísticas que regulen as súas dimensións, espazos exteriores e patios cos que comunican directamente o local a través de aberturas de entrada, aberturas mixtas ou bocas de inxestión deben permitir que na súa planta un círculo cuxo diámetro sexa igual a un terzo da altura do recinto inferior a aqueles que o delimitan e non inferior a 3 m.

2. Pódese usar un aireador ou o espazo libre entre as follas das portas e do chan, como abertura de paso.

3. Os abertos de ventilación en contacto co exterior deben estar dispostos de forma que se eviten a entrada de auga de chuvía ou estar equipada con elementos adecuados para o mesmo propósito.

4. As bocas de expulsión deben situarse no tellado do edificio, como mínimo, a 3 m de distancia, desde calquera elemento de ventilación (entrada, apertura de entrada, porta e fiestra exterior) e dende os espazos onde poida haber xente regularmente, como terrazas, galerías, miradores, balcóns, etc.

5. No caso de ventilación híbrida, a boca de expulsión debe situarse no tellado do edificio para unha altura sobre el como mínimo de 1 m e debe supor as seguintes alturas en función do seu emplazamento:

a) a altura de calquera obstáculo que estea a unha distancia entre 2 e 10 m;



- b) 1,3 veces a altura de calquera obstáculo que estea a unha distancia inferior ou igual a 2 m;  
c) 2 m sobre tellados transitables.

10. As obras que se están a acometer non serían legalizables, salvo mellor criterio, posto que o artigo 199.9 do PXOM establece o seguinte:

9.- **CONDICIONES DE LAS INSTALACIONES.**- Toda clase de instalaciones, salida de humos, chimeneas, conducciones, desagües, maquinaria, etc., se realizarán de forma que garanticen, tanto al vecindario como a los viandantes, la supresión de molestias, olores, humos, vibraciones, ruidos, etc.

11. Por todo o exposto con anterioridade considerase que as obras acometidas, aparentemente rematadas, NON son compatibles co ordenamento urbanístico autonómico e municipal, nin coa normativa de aplicación. Por tanto, as obras NON son legalizables, a xuízo do técnico que subscribe e propónse para incoación de expediente de reposición da legalidade segundo o indicado no artigo 153 Obras terminadas sen título habilitante da Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o 377 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA incoar expediente de reposición da legalidade emprazar ó promotor, Beatriz Pérez Vila **para que no prazo de tres meses, dende a recepción deste acordo, presente proposta alternativa para a reposición da legalidade urbanística e obtención da licenza de obra menor**, coas modificacións sinladas no informe técnico.

#### 4.5.- Expte. 1105/2019. Solicitud de medición de ruido. José Óscar Calvo Failde.

Vista a solicitude presentada por JOSÉ ÓSCAR CALVO FAILDE, Rexistro de Entrada nº 2429 de data 13 de xuño de 2019, presentando denuncia respecto as molestias ocasionadas por ruido e extractor de aire no bar "Berrinche", sito na rúa Venezuela, nº 51 baixo de Silleda.

**Visto** o informe emitido o 04 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante	D. José Oscar Calvo Failde		
Data de rexistro	13.XUÑ.2019	Nº 2429	Expediente 1105/2019
Asunto	Denuncia respecto as molestias por ruido e extractor de aire do bar "Berrinche".		
Emplazamiento	Rúa Venezuela nº51 Baixo, SILLEDA		
Referencia catastral	1980003NH6218S0001LG		
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.		
Demandado:	Bar "Berrinche"		

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).



- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).  
10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.  
11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.  
12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.  
13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.  
14 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.  
15 Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.  
16 Planeamento do Concello de Silleda  
16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.  
16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991  
16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995  
16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002  
16.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981  
16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007  
16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
17 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Visto Informe da Policía Local número 203/19, asinado polo(s) axente(s) o día 12 de agosto de 2019 sobre a existencia de extractor de fumes cara a rúa en Rúa Venezuela nº51 Baixo, SILLEDA.
2. Vista o escrito presentado por D.José Oscar Calvo Failde de data 13 de xuño de 2019, presentado con r.e. nº 812, relativo ás molestias por ruído procedente do interior do local e á existencia dun extractor de aire na fachada do pub "Berrinche".

O técnico que subscribe, emite o seguinte:

#### INFORME TÉCNICO:

3. O asunto que nos acomete consiste, segundo se manifesta na solicitude, na existencia ou non de título habilitante municipal para instalación de tubo de saída de ventilación cara á rúa e mailo incumprimento de normativa con respecto a ruído.
4. No informe da Policía Local constátase a existencia dunha reixa de ventilación, de dimensións 0.3x0.3m, instalada a un metro por debaixo das ventás do primeiro piso.
5. O solo no que se atopa a edificación, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Ley 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, presenta as seguintes condicións urbanísticas:  
Clasificación do Solo: SOLO URBANO, Ordenanza edificación cerrada, E.C.
6. O local consta de Licencia Municipal Definitiva, para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, concedida pola Alcaldía, segundo Decreto de, 09 decembro de 2005. Consultado o expediente de licenza, entre a documentación aportada polo promotor encóntrase un plano de instalacións de ventilación, no que consta a reixa de ventilación exterior, se ben non se reflicte en planos de alzado; polo que se entende que a mencionada reixa estaría amparada pola licenza concedida.
7. No tocante as emisións de Ruídos ao exterior consta no expediente informe emitido pola Consellería de medio Ambiente de día 7 de setembro de 2005, nº de expediente da Consellería R/438/2005/P, recibido neste Concello con rexistro de entrada 3786 de 16.SET.2005, pola que se cualifica a actividade como **MOLESTA, S.C.D** e condiciónanse as instalación o





*cumprimentos do seguinte requisito: "A non supera-los 80dB(A), no interior do local, que traballará coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. Instalará limitador, precintado polo Concello, ós equipos sonoros- tv e equipo musical- para 75dB(A). Cualifícase como PUB 2.6.4 segundo o Decreto 292/2004 e a súa modificación Decreto 160/2005". Descoñécese o cumprimento das condicións sinaladas no nomeado informe, xa que non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, acta de visita de comprobación.*

8. Canto a comprobación do cumprimento dos requisitos expostos pola Consellería de medio Ambiente, a xuízo do técnico que subscribe, propónse a realización de informes ou estudos de avaliación da contaminación acústica, cumprindo co exposto no artigo 12 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Artigo 12. "Avaliación da contaminación acústica"

1. Os informes ou estudos de avaliación da contaminación acústica, incluídos os mapas de ruído, deberán incorporar un anexo en que se xustifique a adecuación dos métodos de medición e cálculo empregados con respecto á normativa básica estatal vixente en materia de ruído, incluíndo documentación acreditativa dos seguintes aspectos:

a) De que os equipos de medición para a elaboración do estudo ou informe se axustan ao disposto pola normativa estatal de control metrolóxico, á lexislación sobre contaminación acústica, así como ás normas ISO aplicables, garantindo a rastrexabilidade a estándares nacionais ou acústica e dispoñendo do correspondente certificado de calibración e/ou verificación vixente.

b) De que a persoa responsable do estudo ou informe dispón dun sistema de xestión coma técnicos, e para a súa xustificación, dun libro de rexistro, no cal se incluírán, polo menos, as medicións realizadas, actividades avaliadas, datas de realización e datos do peticionario.

c) De que a dita persoa responsable realizou un ensaio interlaboratorio, mediante unha entidade acreditada pola ENAC en intercomparación en acústica dos alcances que correspondan, conforme a normativa de aplicación, que garanta a precisión e exactitude das medidas, cunha antigüidade máxima de dous anos con respecto á data de presentación do informe ou estudo.

2. A devandita documentación poderá ser substituída por unha acreditación como organismo de control ou inspección en acústica expedida pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), polos organismos de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea, sempre que estes organismos se sometesen con éxito ao sistema de avaliación por pares previsto no Regulamento (CE) n° 765/2008, do 9 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, ou polos organismos de avaliación da conformidade acreditados por eles, de conformidade coa disposición adicional única do Real decreto 715/2010, do 17 de decembro, polo que se designa á Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) como organismo nacional de acreditación de acordo do establecido no Regulamento (CE) n° 765/2008 do Parlamento Europeo e o Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se deroga o Regulamento (CEE) n° 339/93.

**En conclusión, malia que a instalación da reixa está amparada por licenza municipal, propónse levar a cabo un estudio acústico por empresa acreditada segundo o indicado no punto 8 deste informe técnico.**

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA levar a cabo un estudio acústico por empresa acreditada segundo o indicado no punto 8 deste informe técnico.

#### **4.6.- Expte. 2373/2018. Ampliación do cemiterio parroquial de Lamela.**

Dase conta do escrito remitido pola Delegación Provincial de Pontevedra - Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada n° 4858, de data 29 de outubro de 2019, remitindo autorización para apertura e a posta en funcionamento da zona rematada da ampliación do cemiterio parroquial de San Miguel de Lamela (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4.7.- Expte. 630/2017. "Ampliación de explotación de vacún". Pablo Cachafeiro Fernández. GANADERIA CACHAFEIRO SAA S.C.**





Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de agosto de 2017 acordou:

**"-Primeiro.- CONCEDER,** salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior para **"Ampliación de explotación de vacún"** no lugar de Souto, parroquia de Laro (Silleda) a **Pablo Cachafeiro Fernández,** segundo proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 579. coa aclaración de que concedeuse licenza en Xunta de goberno local do día 14 de setembro de 2016 e o 16 de agosto de 2017 presenta ANEXO no que se incorpora unha nova esterqueira.

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 24 de outubro de 2019, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Pablo Cachafeiro Fernández, en representación de GANADERÍA CACHAFEIRO SAA, S.C., que literalmente dí:

**"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS**

**Actividade:** "Ampliación de explotación de vacún" no lugar de Souto, parroquia de Laro (Silleda), na parcela con referencia catastral 36052S07007800000KH".

**Certificación:** Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA, de data 6 de maio de 2019, do técnico director da obra Don Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

**Data:** 07-xuño-2019.

**Núm. de rexistro:** 2019-E-RE-160

**Titular da actividade:** Pablo Cachafeiro Fernández. GANADERÍA CACHAFEIRO SAA, S.C.

No termo municipal de SILLEDA, persónase ás 12:00 horas do día 23 de outubro do ano 2019, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na parcela con referencia catastral 36052S07007800000KH, no lugar de Souto, parroquia de Laro (Silleda), en presentacia de Don Pablo Cachafeiro Fernández, con D.N.I. 77.403.778-S, e efectua a visita de comprobación demanda polo interesado en data 07 de xuño de 2019, e referida á licenza municipal según Xunta de Goberno Local do día 24 de agosto de 2017.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA, con visado Nº. PO-20190152, de data 09 de maio de 2019, asinado polo técnico director da obra Don Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Agrícola.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas, e o recollido na certificación final de obra, e están amparadas pola licenza municipal según Xunta de Goberno Local do día 24 de agosto de 2017.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Ampliación de explotación vacún" no lugar de Souto, parroquia de Laro (Silleda), na parcela con referencia catastral 36052S07007800000KH".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 24 de outubro de 2019 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2017, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:



**Primeiro.-** A concesión de licenza de actividade definitiva a GANADERÍA CACHAFEIRO SAA, S.C., para Ampliación de explotación vacún no lugar de Souto, parroquia de Laro (Silleda), na parcela con referencia catastral 36052S07007800000KH.

**Segundo.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

**Terceiro.-** Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 05 de novembro de 2019

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.  
Asdo. David García Lareo

